

Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

RESOLUCIÓN do 24 de maio de 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se resolve a convocatoria do programa Espazos de tecnoloxía aplicada para a conversión de aulas tradicionais en espazos de tecnoloxía aplicada na formación profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o ano 2022.

De conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 8 de marzo de 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se convoca o programa Espazos de tecnoloxía aplicada para a conversión de aulas tradicionais en espazos de tecnoloxía aplicada na formación profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o ano 2022, e vista a proposta realizada pola comisión de selección, esta Secretaría Xeral

RESOLVE:

Seleccionar os proxectos que se relacionan no Anexo I desta resolución.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo www.edu.xunta.gal, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira lema

